



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE 2019
EXPEDIENTE: 2019/G010/000004

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela
Alberto Seoane Brandariz
Gustavo Manuel Quindimil Gómez
Francisca Bestilleiro Roel
Marcos Zapata Díaz
José María Caamaño Nogueira
Luis Constante Freire Pérez de Juan

María Ángeles Vilas Pedreira
Roberto Gómez Lesta
Francisco Javier Rodríguez Souto

Francisco Javier Niño Ricoy

Escusan a súa ausencia:

Fátima Insua López

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

En Abegondo, ás trece horas e trinta e catro minutos do día vinte e nove de abril de 2019, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión ordinaria. Adiántase a data da sesión plenaria para non coincidir coas datas das eleccións municipais e as eleccións ao Parlamento Europeo de 2019 e co gallo de facilitar a participación nos asuntos públicos, de acordo co disposto no artigo 23.2 da Constitución Española.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

1.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO DO 26 DE MAIO DE 2019

Dáse conta dunha proposición que di:

ASUNTO: SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS E EUROPEAS DO 26 DE MAIO DE 2019

EXPEDIENTE: 2019/G006/000038

O BOE núm. 79 de 2 de abril de 2019 publicou os Real Decreto 209/2019, do 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019 e o Real Decreto 206/2019, do 1 de abril, polo que se convocan eleccións de Deputados ao Parlamento Europeo, cuxas celebracións terán lugar o próximo 26 de maio de 2019, e de conformidade co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, indica que debe procederse á designación por sorteo público do Presidente e os Vogais de cada Mesa.

En virtude de reiterados Acordos da Xunta Electoral Central (Acordo de 9 de febreiro de 2000 sobre o sorteo para designación dos cidadáns que han de formar parte das mesas electorais), o Pleno desta Corporación é o órgano competente para efectuar o sorteo, xa que logo o Pleno do Concello de Abegondo, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Realizar o sorteo público co obxecto de designar aos Presidentes e Vogais de cada Mesa Electoral, así como a dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

Previa determinación das persoas que poden concorrer ao sorteo público, de conformidade co apartado 2 do artigo 26 de Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, faise o sorteo cos nomes dos designados. (ANEXO AO FINAL DA ACTA)

As persoas designadas han de ser menores de sesenta e cinco anos e han de saber ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharel ou o de Formación Profesional de segundo grao ou, subsidiariamente, o Graduado Escolar equivalente. Así mesmo, os cargos de Presidente e Vogal de cada Mesa son obrigatorios e non poden ser



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

desempeñados por quen se presenten como candidatos.

SEGUNDO. De conformidade cos resultados do sorteo, designar como membros das Mesas Electorais ás persoas reflectidas na listaxe final deste acta.

TERCEIRO. Notificar a referida designación como Presidente e Vogais das Mesas Electorais, aos interesados, no prazo de tres días.

CUARTO. Comunicar o presente Acordo á Xunta Electoral de Zona.

QUINTO. Facultar á Alcaldía para resolver os posteriores sorteos para elixir os Membros das Mesas que han de substituír aos que causasen baixa. Todo iso será realizado ante a Secretaría do Concello, usando os mesmos parámetros fixados para o primeiro sorteo.

3. ASUNTO URGENTE: RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE ABEGONDO, DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA

Dáse conta dun asunto fóra da orde do día e que se considera urgente. Por parte da presidencia dáse conta do estado do servizo de Axuda no fogar e das razóns que motivan a urgencia da inclusión deste asunto na orde do día.

Por parte dos concelleiros vótase a urgencia do asunto, co seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luis Constante Freire Pérez de Juan, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira, Francisco Javier Rodríguez Souto e Francisco Javier Niño Ricoy)</p> <p>Votos en contra: 0</p> <p>Abstención: 0</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a urgencia da proposta. A Continuación se da conta da proposta:

ASUNTO: EXPEDIENTE PARA A RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE ABEGONDO, DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA
EXPEDIENTE: 2016/C004/000001

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Por acordo do Pleno en sesión ordinaria de data 19 de maio de 2016, aprobouse o procedemento de adxudicación por procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación do expediente de contratación "Para a adxudicación do servizo de axuda no fogar no concello de Abegondo, dependencia e libre concorrancia", expediente 2016/C004/000001.

SEGUNDO. Procedeuse á tramitación do presente expediente de contratación, en aplicación do regulado no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobada por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro. O prego de cláusulas administrativas particulares así como o de prescricións técnicas segundo o exposto, son asumidos polo contratista.

TERCEIRO. Por acordo do Pleno en sesión ordinaria de data 22 de decembro de 2016 adxudicouse o contrato administrativo do servizo, "Para a adxudicación do servizo de axuda no fogar no concello de Abegondo, dependencia e libre concorrancia" a empresa Ende Ben Ordes sociedade limitada con CIF B-70315577.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

CUARTO. A empresa presentou a garantía definitiva que esixe o prego de cláusulas administrativas particulares por importe do 5% do importe de adxudicación (ive excluído), mediante o aval (nº 356655) emitido por //Abanca con data 22 de setembro de 2016, por importe de 42.476,40.euros.

QUINTO. En data 29.12.2016 Asinouse o contrato para a prestación do servizo para a adxudicación do servizo de axuda no fogar no concello de Abegondo, dependencia e libre concorrència", expediente 2016/C004/000001.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), quedando sometida ao devandito Texto Refundido, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001 (Regulamento Xeral da LCAP).
- O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES aprobado polo pleno o 19.05.2016 do servizo de axuda no fogar aprobado no Concello de Abegondo, dependencia e libre concorrència NÚMERO EXPEDIENTE: 2016/C004/000001 (<https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/d82b2545-5b09-4922-9c3a-5f775bbca6b7/DOC20160525090145PLIEGO+ADMINISTRATIVO.pdf?MOD=AJPERES>)

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O contrato obxecto de análise celebrouse o 31 de decembro de 2016 data na que estaba vixente o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), sendo de aplicación as previsións da devandita norma legal, dado que, segundo a disposición transitoria primeira, punto 2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP) **“Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”**

Por tanto, a normativa aplicable aos modificados dos contratos debe de ser a vixente no momento de celebración do contrato, no suposto que nos ocupa o TRLCSP, pero interpretada en coherencia coas Directivas e a xurisprudencia comunitaria, e sen esquecer que o novo réxime incorporado pola Lei de economía sustentable, aínda que non directamente aplicable, debe servir tamén como referencia

SEGUNDA. O contrato extinguese por incumprimento ou por resolución. A resolución do contrato acordárase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista. Son causas de resolución do contrato:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 85.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado na alínea c) do número 2 do artigo 112.
- e) A demora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no número 6 do artigo 216 ou o inferior que se fixase ao abeiro do seu número 8.
- f) O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

contrato.

g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ao interese público, de se continuar executando a prestación neses termos, cando non sexa posible modificar o contrato conforme o disposto no título V do libro I.

h) As establecidas expresamente no contrato.

i) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta lei.

A resolución fai referencia aos artigos indicados, de acordo co punto 28 do pregos de cláusulas administrativas que rexen o contrato:

“28.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

28.1.- Ademais de nos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 da TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 da TRLCSP.

Producirá igualmente a resolución do contrato, o incumprimento polo contratista da obrigaçión de gardar sigilo a que se refire a cláusula 19.4, respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

28.2.- Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante (art. 301.4 TRLCSP).

28.3.- No caso de non existir garantía definitiva, unha vez concluída a vixencia do contrato, e cumpridas por parte do contratista as obrigaçións derivadas do contrato, este considerárase extinguido para todos os efectos.”

A resolución de contrato por mutuo acordo atópase regulada, con carácter xeral, no artigo 206 e seguintes da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O artigo 207.4 establece que **"a resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar canto non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inherente a permanencia do contrato"**. Como sinalou o Consello de Estado en reiterados ditames "O mutuo acordo como causa de extinción dos contratos, queda supeditado a dúas condicións. En primeiro lugar, é necesaria a presenza de razóns de interese público ou outras circunstancias de carácter excepcional que fagan innecesaria ou inconveniente a continuación do contrato. Por outra banda, como condición negativa, esíxese que non exista unha causa de resolución imputable ao contratista. Ademais, "cando o contrato resolvase por mutuo acordo os dereitos das partes acomodaranse ao válidamente estipulado entre elas".

No suposto que se examina **consta documentalmente a existencia de causa de resolución ao contratista do artigo 224.2. A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación, darán sempre lugar á resolución do contrato.**

Nos restantes casos, a resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que der lugar á mesma, sen prexuízo do establecido no apartado 7; por outra banda, a concesión non se atopa sometida a secuestro, e ademais concorren razóns de interese público que fan inconveniente a continuación do contrato.

O interese municipal radica na prestación correcta deste servizo, toda vez que lle interesa unha pronta solución da tramitación administrativa do expediente de resolución contractual.

Non concorrencia de outra causa de resolución imputable ao contratista: non concorren as causas do artigo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

206 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a saber:

- a) A morte ou incapacidade sobrevinda do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista. Non se da.
- b) A declaración de quebra, de suspensión de pagos, de concurso de acredores ou de insolvente errado en calquera procedemento, ou o acordo de quita e espera. **Consta formalmente o inicio do concurso e polo tanto a resolución pode instarse pola parte á que non lle é imputable esta circunstancia, o concello.**
- d) A non formalización do contrato en prazo. Non concorre.
- g) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais. Non consta formalmente.
- h) Aquelas que se establezan expresamente no contrato. Non consta formalmente informe do incumprimento.

Tampouco concorre a causa establecida no artigo 167 d) da mesma lei (a imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato).

Razóns de interese público que fan conveniente que o contrato non continúe:

- A quebra da empresa pode supoñer que o servizo quede un tempo sen prestar. Recordemos que a empresa recoñece disfuncións no seu funcionamento o que lle conleva un gasto maior do orzamentado e que non debe ser compensado pola administración.
- Por isto, tendo en conta que o contrato pode que non se poda desenvolver segundo os pregos, a administración non quere deixar quebrar á empresa baixo o pretexto de continuar e así xerar unha eventual situación de desequilibrio patrimonial nas contas. Actuando baixo o principio da boa fe.
- Os principios de prudencia, transparencia, igualdade e obxectividade levan a este concello a propoñer a disolución do contrato para sacar unha nova licitación co gallo de fomentar a competencia na nova licitación.
- Trátase dun servizo esencial que afecta aos cidadáns e á súa saúde e integridade física e síquica, toda vez que é un dereito asistencial que non pode deixar de ser prestado.
- Evitaráanse conflitos cos traballadores da empresa e se dará maior eficacia na resolución do contrato, o que xerará menores incidencias futuras nese servizo esencial.

De acordo co ditame do consello consultivo de contratación 1022/1992, de 17 de setembro, «**é perfectamente comprensible que unha axustada valoración do interese público pode apoiar non só a conveniencia de resolver o contrato, senón tamén a de facelo por mutuo acordo, atribuíndo unha maior eficacia expeditiva a tal acordo e resaltando incluso a súa utilidade preventiva de incidentes e controversias**» (Ditame núm. 1022/1992, de 17 de setembro).

Órgano competente.

O órgano competente para a adopción deste acordo é o Pleno do Concello, por seren aprobado precisamente por ese mesmo órgano, de acordo coa lei de bases do réxime local, norma aplicable nese intre e a disposición adicional segunda do texto refundido da lei de contratos a día de hoxe.

TERCEIRA. De acordo co artigo 224 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

1. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista, se é o caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta lei se estableza.
2. A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación, darán sempre lugar á resolución do contrato.

Nos restantes casos, a resolución poderá ser instada por aquela parte á cal non lle sexa imputable a



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

circunstancia que der lugar a ela, sen prexuízo do establecido no número 7.

3. Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual, a Administración poderá acordar a continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores.

4. A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

5. En caso de declaración de concurso e mentres non se producise a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista presta as garantías suficientes ao xuízo daquela para a súa execución.

6. No suposto de demora a que se refire a alínea e) do artigo anterior, se as penalidades a que dea lugar a demora no cumprimento do prazo alcanzan un múltiplo do 5 por cento do importe do contrato, observarase disposto no artigo 212.5.

7. O incumprimento das obrigas derivadas do contrato por parte da Administración orixinará a resolución daquel só nos casos previstos nesta lei.

CUARTA. En canto aos efectos da resolución, cabe indicar, de acordo co artigo 225 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

1. Cando a resolución se produza por mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por elas.

2. O incumprimento por parte da Administración das obrigas do contrato determinará para aquela, con carácter xeral, o pagamento dos danos e perdas que por tal causa se irroguen ao contratista.

3. Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar a Administración polos danos e perdas ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, se é o caso, se constituíse, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda o da garantía incautada.

4. En todo caso, o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, se é o caso, fose constituída. Só se acordará a perda da garantía en caso de resolución do contrato por concurso do contratista cando o concurso tiver sido cualificado como culpable.

5. Cando a resolución se acorde polas causas recollidas na alínea g) do artigo 223, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista.

6. Ao tempo de se incoar o expediente administrativo de resolución do contrato pola causa establecida na alínea g) do artigo 223, poderase iniciar o procedemento para a adxudicación do novo contrato, aínda que a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os procedementos

Ata que se formalice o novo contrato, o contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado. Na falta de acordo, a retribución do contratista será fixada por instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a subscripción do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación, que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.

QUINTA. Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos consideraranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEXTA. De acordo co prego técnico éste é o contido do servizo:

“O servizo de axuda no fogar consiste na prestación dun conxunto de atencións domiciliarias con carácter persoal e polivalente, dende unha perspectiva integral e normalizadora dos/as usuarios/as.

A empresa adxudataria realizará o servizo como mínimo co establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e as súas modificacións e a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas na situación de dependencia e a súas correspondentes modificacións posteriores.

Entre outros, os traballos a realizar para prestar un conxunto de atencións as persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

• *Asistencia para levantarse e deitarse*

- *Apoio no cuidado hixiénico persoal, así como para vestirse*
- *Control de réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse*
- *Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos*
- *Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal*
- *Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia*
- *Etc.*

• *Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:*

- *Acompañamento fóra no fogar para acudir a consultas ou tratamentos*
- *Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes*
- *Etc.*

• *Atención nas necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:*

- *Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda*
- *Compra de alimentos e outros produtos de uso común*
- *Preparación de alimentos*
- *Lavado e cuidado das prendas de vestir*
- *Coidados básicos da vivenda*
- *Etc.*

• *Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais, formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, das afectividades, das convivencias e as da integración na comunidade, así como a mellora da estruturación familiar, etc”*

De acordo co artigo 20 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. **Terán a consideración de servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica os seguintes:**

- a) A protección social das persoas, con capacidade de obrar limitada, que se atopen en situación de conflito ou desamparo.
- b) A atención residencial, que comporta aloxamento, continuado ou temporal, substitutivo do fogar.
- c) A atención diúrna, que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- d) A axuda no fogar, consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
- e) A teleasistencia social e outros servizos de carácter tecnolóxico, que procuren a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.
- f) O apoio á mobilidade persoal, nos termos previstos na normativa reguladora do servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.
- g) A manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria.
- h) As axudas técnicas e instrumentais, que permitan manter a autonomía da persoa para desenvolverse no seu medio.
- i) O servizo de asistente persoal.
- j) Calquera outro servizo ou actuación non previsto nesta lei que se considere necesario para garantir unha adecuada atención social.

2. Os servizos e as actuacións descritos na letra a) terán carácter esencial.

Tamén terán carácter esencial os servizos e as actuacións establecidos nas letras b), c), d) e e), logo da correspondente valoración técnica cando se trate de persoas con déficit de autonomía persoal incluídas no sistema de atención á dependencia.

De acordo co artigo 23 da lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia “o servizo de axuda a domicilio constitúeo o conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, prestadas por entidades ou empresas, acreditadas para esta función, e poderán ser os seguintes:

- a) Servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria.
- b) Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar: limpeza, lavado, cociña ou outros. Estes servizos só poderán prestarse conxuntamente cos sinalados no apartado anterior. Excepcionalmente e de forma xustificada, os servizos sinalados nos apartados anteriores, poderán prestarse separadamente, cando así se dispoña no Programa Individual de Atención. A Administración competente deberá motivar esta excepción na resolución de concesión da prestación.”

Xa que logo, se colixe unha falla na prestación do contido esencial do contrato, de acordo co contido dos pregos e das leis indicadas. Todo elo en relación coas actuacións acaecidas en concordancia co indicado con respecto á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Existe un risco claro de que non se preste en determinados casos un servizo básico e que afecta á vida e á dignidade das persoas. As causas poden ser ou non impustables á empresa adxudicataria ou aos traballadores. En todo caso ao concello o que lle interesa é evitar que sucedan casos de desatención do servizo e por iso promove este acordo.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Resolver o contrato do servizo de axuda no fogar no concello de Abegondo, dependencia e libre concorrència expediente 2016/C004/000001. Segundo as seguintes estipulacións:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- A partir de do 01.05.2019 a empresa Ende Ben Ordes SL e o concello de Abegondo acordan resolver o contrato de servizo de axuda no fogar no concello de Abegondo, dependencia e libre concorrència, expediente 2016/C004/000001 con base no artigo 223.2 do TRLCAP.
- Ambas partes acordan que están a o corrente nos seus dereitos e obrigas ata o mes de marzo, quedando pendente a liquidación do mes de abril, que se tramitará de xeito ordinario por parte do concello, logo da presentación e xustificación da factura por parte da empresa.

SEGUNDO. Iniciar o procedemento para a adxudicación dun novo contrato.

TERCEIRO. Notificar aos interesados aos efectos oportunos.

Por parte do secretario explicase que este asunto é un servizo esencial e que non se pode deixar de prestar, explicando punto por punto o acordo relatado e indicando que o Concello, se asume o servizo por medios propios, subrogando aos traballadores, asume solidariamente a débeda que exista cos mesmos, que se chegou ao acordo da resolución por entrar en fase de concurso- e mutuo acordo- e sen que conste formalmente o remate de expediente por incumprimento culpable (aínda que puidese eventualmente existir).

Ábrese o debate:

Francisco Javier Niño Ricoy: A resolución é unha garantía para os traballadores e para garantir o servizo.

Roberto Gómez Lesta: Parécenos ben.

Unha vez rematado o debate sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Marcos Zapata Díaz, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira, Francisco Javier Rodríguez Souto e Francisco Javier Niño Ricoy)

Votos en contra: 0

Abstención: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

3. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

4. ROGOS E PREGUNTAS

Francisco Javier Niño Ricoy: Ruta interpretativa de Orto. Mellorar o contorno do encoro, non só a través da ruta ciclista, Beche podería servir de referencia.

Alcalde-Presidente: Houbo actos vandálicos e quizáis cometimos un erro na ubicación.

Roberto Gómez Lesta: ¿Segue afirmando que os veciños de Vilacoba non queren local social? Porque eu son o vicepresidente e desacredito a palabra do presidente.

Alcalde-Presidente: A mín díxome o presidente, acompañado do cura e tres testemuñas.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Roberto Gómez Lesta: Pois o presidente debería levalo aos veciños para que se manifestasen e actuar en consecuencia e non nolo trasladou. Non fala en nome dos veciños.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás catorce horas e dezaioito minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.

O alcalde-presidente
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.